

## CONVENIO DE PATROCINIO

En A Estrada, a 18 de outubro de 2016

### REUNIDOS

**DUNHA PARTE: D.Alfredo González Otero**, maior de idade, en representación da **Asociación de Comerciantes da Estrada** CIF: G-36310076

**DOUTRA PARTE: D. Juan Constenla Carbón**, maior de idade, en calidade de Vicepresidente da Fundación Cultural da Estrada, órgano no que se insire a **Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada**; Avda Benito Vigo 104, provisto de CIF G-36216406.

### INTERVEÑEN

O primeiro en nome da **Asociación de Comerciantes de A Estrada**, con CIF G-36310076 e enderezo social en Rúa Ulla nº 1 baixo, CP: 36680, A Estrada (Pontevedra; ) en adiante "A ENTIDADE PATROCINADORA"

O segundo en nome da **Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada**, con C.I.F. G-36216406 e enderezo social Avda Benito Vigo 104. CP 36680; A Estrada (Pontevedra), e en adiante "ESCOLA DE ARTES ESCÉNICAS"

Todas as partes, recoñécense con capacidade legal necesaria para a subscripción do presente convenio, en virtude do cal

### MANIFESTAN

**I.-** Que **A Escola Municipal de Artes Escénicas**, se adica entre outras actividades á organización de cursos e obradoiros de teatro de periodicidade anual dirixidos á comarca estradense.

**II.-** Que **A Asociación de Comerciantes de A Estrada (ACOE)**, se adica entre outras actividades ao asesoramento e promoción do labor comercial dos seus asociados, estando interesada en chegar a un acordo de colaboración coa Escola Municipal de Artes Escénicas cuxos presupostos se establecen segundo o presente contrato de patrocinio, dacordo coas seguintes cláusulas:

### CLÁUSULAS

#### PRAZOS E ACTUACIONES

**1.1-** A ESCOLA DE TEATRO faralle un desconto do 30% a todos os asociados –ou familiares directos de asociados- de ACOE que se matriculen no curso regular da Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada.

**1.2-** As campañas de comunicación e cartelería publicitaria propios da Escola de Artes Escénicas levarán o distintivo comercial da ENTIDADE

PATROCINADORA. Asimesmo, as cuñas en radio e os artigos en prensa incluírán tamén o acordo suscrito coa ENTIDADE PATROCINADORA.

**1.3.-** Estes acordos de colaboración faranse públicos nunha rolda de prensa ou nota de prensa emitida conxuntamente por ambas entidades e, prorrogarase nas mesmas condicións contractuais para o curso 2016-2017, agás que algunha das partes solicite a súa desvinculación dos mesmos.